

VII XORNADAS DE ACHEGAMENTO AO TEAR TRADICIONAL E Á ARTESANÍA DA LÁ

- ✓ DESTINATARIOS: nenas/os do 2º curso de 2º ciclo e 1º e 2º de terceiro ciclo de primaria.
- ✓ DATAS: do 11 ao 15 de xaneiro de 2010
- ✓ HORARIO: de 9:30 a 11:00 h. ou ben de 11:30 a 13:00 h.
- ✓ LUGAR: Centro Social Municipal de Fingoi
- ✓ OBXECTIVOS:
 - Contribuir ao fomento do valor da nosa cultura entre os máis novos.
 - Favorecer o coñecemento das tradicións e contribuir a preservalas.
 - Establecer vínculos de colaboración sociocultural permanentes entre os Centros Sociais e o resto de institucións implicadas no desenvolvemento da poboación neste eido.
- ✓ CONTIDOS: Participación en distintas tarefas como cardar a lá, fiar, devandar, tecer, etc., que se realizaban antigamente para obter as prendas de vestir e de enxoval doméstico a partir de materias como a lá ou o liño. Observación de utensilios, materiais, aparellos e prendas de vestir e do enxoval doméstico producidas no tear, tanto antigas como actuais.
- ✓ RECURSOS MATERIAIS: Teares tradicionais, devadoira, tear de fleques, máquina de fiar, mazorgueiro, urldadeira, teares de alto lizo, rastrelo, instalados no Centro Social de Fingoi así como diferentes utensilios por exemplo rocas, fusos, cardas, parañusa, ripio (para o liño) etc. Tamén prendas elaboradas no tear, tanto antigas como modernas.

FICHA DE PARTICIPACIÓN

VII XORNADAS DE ACHEGAMENTO AO TEAR TRADICIONAL E Á ARTESANÍA DA LÁ

CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE FINGOI
DO 11 AO 15 DE XANEIRO DE 2010

HORARIO: - DE 9:30 A 11:00 H. OU BEN
- DE 11:30 A 13:00 H.

Excepcionalmente, e a petición do centro educativo, se o horario de mañá non lles resulta compatible podemos habilitar algún día dentro do calendario das Xornadas en **horario de tarde (despois das 16:00 h.)**, previa **comunicación por parte do Colexio ao Centro Social e dentro do prazo de inscrición.**

CENTRO EDUCATIVO:

CURSO/S:

Nº ALUMNOS:

DATA E HORARIO PREFERENTE:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO: FAX:

Para remitir ao Centro Social Municipal de Fingoi

Persoas de referencia: Mª Fe Rodríguez Bao
Jesús Prado Penas

Tfno.: 982297455/982297456. Fax: 982297457

Correo electrónico: mariafe.rodriguez@concellodelugo.org

Prazo de inscrición: **ata o 14 de decembro de 2009**

INSCRICIÓN

- Enviando ficha precedente debidamente cumprimentada ao Centro Social Municipal de Fingoi polos medios anteditos.
- 25 alumnos/as por grupo de centros escolares do concello de Lugo, con preferencia aos públicos. Cada colexio poderá presentar solicitude para máis dun grupo, quedando condicionada a súa admisión á demanda total existente. (No caso de que sexa necesario limitar o número de grupos, será o Centro Escolar quen decida que grupo ou grupos asistirán.)
- Os/as alumnos/as virán acompañados cando menos por dous profesores ou pais/nais.
- O desprazamento do Colexio ao Centro Social será por conta do Centro Educativo.
- Prazo de Inscripción: cada Centro Educativo enviará ao Centro Social Municipal de Fingoi, ata o 14 de decembro de 2009, os datos de participación que se especifican na ficha precedente polos medios anteditos. Unha vez rematado este prazo, o centro social porase en contacto co colexio correspondente a fin de determinar os horarios e a distribución dos grupos. Neste momento quedará formalizada a inscrición definitiva na actividade, que se confirmará a través de fax ou correo electrónico remitido ao colexio.

VII XORNADAS

DE ACHEGAMENTO AO TEAR TRADICIONAL E Á ARTESANÍA DA LÁ

DO 11 AO 15 DE XANEIRO DE 2010

Animacións Estruturadas



- ❖ **HORARIO:**
-GRUPO A: DE 9:30 A 11:00 H.
-GRUPO B: DE 11:30 A 13:00 H.

- ❖ **DESTIÑATELLOS:** GRUPOS DE 25 NENAS/OS
COMO MÁX. DOS TRES ÚLTIMOS CURSOS DE
PRIMARIA

- ❖ **PRAZO DE INSCRICIÓN:** ATÁ O 14 DE DECEMBRO
DE 2009



CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE FINGOI



Concello de Lugo
Area de Benestar Social
Igualdade e Deportes
Animación Sociocultural



Concello de Lugo
Area de Benestar Social
Igualdade e Deportes



MURALLA
patrimonio da humanidade

